

Estatutos da Universidade de Vigo Decreto 421/2003, do 13 de novembro	Estatutos da Universidade de Vigo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro
<p>Título I – Da estrutura da Universidade de Vigo Capítulo 2 - Dos centros Artigo 11 1.- A creación, modificación e supresión dos centros por iniciativa da universidade aos que se refire o artigo anterior serán acordadas polo órgano competente da Xunta de Galicia, por proposta do Consello Social, tras o informe do Consello de Goberno e o informe do Consello Galego de Universidades. 2.- A instancias do Consello Social, do Claustro, dun ou de varios centros ou departamentos ou por decisión propia, o Consello de Goberno iniciará o expediente de creación, modificación ou supresión dunha facultade, <i>escola técnica superior, escola universitaria ou calquera outro centro que se poida crear consonte ao regulamento de centros aprobado no Claustro</i>. En todo caso, o expediente deberá ser exposto para información da comunidade universitaria durante, polo menos, un mes</p>	<p>Título I - Da estrutura da Universidade de Vigo Capítulo 2 - Dos centros Artigo 12 1.- A creación, a modificación e a supresión dos centros aos que se refire o artigo anterior, <i>así como a implantación e a supresión das ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais e con validez en todo o territorio nacional, serán acordadas polo órgano competente da Xunta de Galicia, ben por propia iniciativa, co acordo do Consello de Goberno da Universidade, ben por iniciativa da Universidade mediante a proposta do Consello de Goberno; en ambos casos, tras o informe favorable do Consello Social</i>. De todo iso deberá ser informada a Conferencia Xeral de Política Universitaria. 2.- Por iniciativa do Consello Social, do Claustro, dun ou de varios centros ou departamentos ou por decisión propia, o Consello de Goberno iniciará o expediente de creación, modificación ou supresión dunha facultade <i>ou escola</i>. En todo caso, o expediente deberá ser exposto para información da comunidade universitaria durante, polo menos, un mes</p>
<p>Sección segunda - Doutrous centros. Artigo 14 1.- A Universidade de Vigo, por acordo do Consello Social a instancias do Consello de Goberno, poderá instituír centros de carácter público dedicados á docencia, á investigación ou a creación artística. En ningún caso, as actividades destes centros poden conducir á obtención de títulos incluídos no catálogo de <i>títulos universitarios oficiais</i>. Artigo 15 Son centros adscritos á Universidade de Vigo aqueles, que dependendo de institucións públicas ou privadas, fosen debidamente autorizados e subscriban o correspondente convenio de colaboración no marco do disposto na normativa que en cada caso lles sexa de aplicación. Para a celebración do convenio de colaboración e funcionamento dos centros adscritos estarase ao disposto no regulamento de centros aprobado no Claustro.</p>	<p>Sección segunda - Doutrous centros. Artigo 14 1.- A Universidade de Vigo, por acordo do Consello Social, por instancia do Consello de Goberno, tras o informe preceptivo do Claustro, poderá instituír centros de carácter público dedicados á docencia, á investigación ou a creación artística. En ningún caso, as actividades destes centros poden conducir á obtención de <i>títulos universitarios oficiais de grao</i>. Artigo 15 1.- Son centros adscritos á Universidade de Vigo os que, dependendo de institucións públicas ou privadas, fosen debidamente autorizados e subscriban o correspondente convenio de colaboración no marco do disposto na normativa que en cada caso lles sexa de aplicación. Para a celebración do convenio de colaboración e funcionamento dos centros adscritos, haberá que aterse ao disposto no regulamento de centros adscritos aprobado no Claustro. 2.- A adscrición requirirá a aprobación polo órgano competente da Xunta de Galicia, por proposta do Consello de Goberno da Universidade, despois do informe previo favorable do Consello Social. De todo iso deberá ser informada a Conferencia Xeral de Política Universitaria.</p>

<p>Capítulo 4 - Dos Institutos Universitarios Artigo 21 1.- Para a creación, a modificación e a supresión dos institutos universitarios de investigación estarase ao disposto no apartado 1 do artigo 11. 2.- <i>A instancias do Consello Social</i>, do Claustro, dun ou de varios centros ou departamentos ou grupos de investigación, ou por decisión propia, o Consello de Goberno iniciará o expediente de creación, modificación ou supresión dun instituto consonte ao regulamento de institutos universitarios de investigación aprobado polo Claustro. En todo caso, o expediente deberá ser exposto para información da comunidade universitaria durante, polo menos, un mes.</p>	<p>Capítulo 4 - Dos Institutos Universitarios Artigo 21 1.- Para a creación, a modificación e a supresión dos institutos universitarios de investigación haberá que aterse ao disposto no apartado 1 do artigo 12. 2.- <i>Por instancia do Consello Social</i>, do Claustro, dun ou de varios centros ou departamentos ou grupos de investigación, ou por decisión propia, o Consello de Goberno iniciará o expediente de creación, modificación ou de supresión dun instituto, consonte o regulamento de institutos universitarios de investigación aprobado polo Claustro. En todo caso, o expediente deberá ser exposto para información da comunidade universitaria durante, polo menos, un mes</p>
<p>Título II – Dos Órganos da Universidade de Vigo Capítulo I – Disposicións Xerais Artigo 23 a) Colexiados: <i>Consello Social</i>, Claustro Universitario, Consello de Goberno, Xunta Consultiva, <i>xuntas de facultade, xuntas de escolas técnicas superiores, xuntas de escolas universitarias e xuntas de escolas de especialización profesional</i>, consellos de departamentos e de institutos universitarios, consellos de campus, <i>xuntas de titulación e xuntas ou consellos doutros centros calquera que se puidesen crear</i>.</p>	<p>Título II – Dos Órganos da Universidade de Vigo Capítulo I – Disposicións Xerais Artigo 23 a) Colexiados: <i>Consello Social</i>, Claustro Universitario, Consello de Goberno, <i>xuntas de facultade, xuntas de escola</i>, consellos de departamento e de instituto universitario, consellos de campus, <i>xuntas de titulación e xuntas, consellos ou outros órganos doutros centros que se puidesen crear</i>.</p>
<p>Artigo 24 1.- As resolucións <i>do reitor</i> e os acordos do Claustro, do Consello de Goberno de do <i>Consello Social</i> esgotan a vía administrativa e son impugnables perante os tribunais de xustiza.</p>	<p>Artigo 24 1.- As resolucións <i>do reitor ou da reitora</i> e os acordos do claustro, do Consello de Goberno e do <i>Consello Social</i> esgotan a vía administrativa e son impugnables ante os tribunais de xustiza.</p>
<p>Capítulo II - Dos órganos colexiados Sección segunda – Do Consello Social Artigo 29 1.- <i>O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na Universidade de Vigo. Correspóndelle fomentar iniciativas sociais e promover a actuación dos poderes públicos para estimular investimentos que favorezan as actividades da Universidade de Vigo e que adecúen a capacidade docente e investigadora desta á demanda social.</i> 2.- A súa composición axustase ao disposto na lexislación vixente. Son membros do Consello ademais do reitor, o secretario xeral e o xerente, cando menos un profesor, un estudante e un membro do persoal de administración e servizos elixidos polo Consello de Goberno de entre os seu membros.</p>	<p>Capítulo II - Dos órganos colexiados Sección segunda – Do Consello Social 1.- <i>O Consello Social é o órgano de participación da sociedade na Universidade de Vigo e debe exercer como elemento de interrelación entre a sociedade e a Universidade. Correspóndelle fomentar iniciativas sociais e promover a actuación dos poderes públicos para estimular investimentos que favorezan as actividades da Universidade de Vigo e que adecúen a capacidade docente e investigadora desta á demanda social.</i> 2.- A súa composición axustarase ao disposto na lexislación vixente. <i>En todo caso</i>, son membros do Consello, ademais do reitor ou reitora, o secretario ou secretaria xeral, a persoa que ocupe a xerencia e, cando menos, un representante do profesorado, do alumnado e do persoal de administración e servizos, elixidos polo Consello de Goberno de entre os seus membros.</p>

Artigo 30

Son funcións do Consello Social as seguintes:

- a) Elaboración e aprobación do seu regulamento de funcionamento.
- b) Contribución á calidade da universidade e á elevación do seu nivel; promoción da colaboración da sociedade no financiamento da universidade.
- c) Aprobación, a proposta do Consello de Goberno, do orzamento e a programación económica plurianual da universidade.
- d) Aprobación das contas anuais da Universidade e as das entidades dela dependentes.
- e) Proposta ao órgano legalmente previsto, seguindo os procedementos indicados nos regulamentos correspondentes aprobados polo Claustro, da creación ou supresión de centros, departamentos e institutos universitarios de investigación, e a implantación ou supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e de validez en toda España.
- f) Establecemento de normas que regulen o progreso e permanencia na universidade dos estudantes de acordo coas características dos respectivos estudos.
- g) Fixación das taxas académicas dos estudos cursados na universidade, no marco da disposición legal vixente.
- h) Acordo, a proposta do Consello de Goberno, e dentro dos límites que para este fin fixe a Xunta de Galicia, da asignación con carácter individual de conceptos retributivos adicionais, en atención á existencia de méritos relevantes ou esixencias relativas á docencia, á investigación ou á xestión, de acordo coa lexislación vixente.
- i) Supervisión das actividades de carácter económico da universidade e o rendemento dos seus servizos.
- j) Aprobación, para un mellor cumprimento dos fins da universidade, da creación de empresas, fundacións u outras persoas xurídicas de acordo coa lexislación aplicable.
- k) Aprobación dos actos de disposición dos bens inmobles e dos mobles de extraordinario valor, de conformidade coas normas que a este respecto determinou a Comunidade Autónoma na Lei 1/2003 dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.
- l) Coñecemento, e no seu caso, presentación do seu acordo, da proposta do reitor para o nomeamento do xerente da universidade.

Artigo 30

Son funcións do Consello Social as seguintes:

- a) A elaboración e aprobación do seu regulamento de funcionamento.
- b) A contribución á calidade da Universidade e á elevación do seu nivel.
- c) A promoción da colaboración da sociedade no financiamento da Universidade.
- d) A aprobación dun plan de actuacións destinado a promover as relacións entre a Universidade e o su contorno cultural, profesional, económico e social ao servizo da calidade da actividade universitaria.
- e) A aprobación, por proposta do Consello de Goberno, do orzamento e a aprobación económica plurianual da Universidade.
- f) A aprobación das contas anuais da Universidade e as entidades dela dependentes.
- g) A emisión dun informe previo favorable á creación ou supresión de escolas e facultades, departamentos e institutos universitarios de investigación e a implantación ou supresión de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e de validez en toda España.
- h) O establecemento de normas que regulen o progreso e a permanencia na Universidade dos estudantes, de acordo coas características dos respectivos estudos.
- i) A fixación dos prezos de ensinanzas propias e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades.
- j) O acordo, por proposta do Consello de Goberno, e dentro dos límites que para este fin fixe a Xunta de Galicia, da asignación con carácter individual de conceptos retributivos adicionais, en atención á existencia de méritos relevantes ou esixencias relativas á docencia, á investigación ou á xestión, conforme a lexislación vixente.
- k) A supervisión das actividades de carácter económico da Universidade e o rendemento dos seus servizos.
- l) A aprobación, para un mellor cumprimento dos fins da Universidade, da creación de empresas, fundacións ou outras persoas xurídicas segundo a lexislación aplicable.
- m) A aprobación dos actos de disposición dos bens inmobles e dos mobles de extraordinario valor, de conformidade coas normas que a este respecto determine a comunidade autónoma na Lei dos consellos sociais do SUG.

<p>m) Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da universidade.</p> <p>n) Emitir informe, con carácter previo á súa formalización, sobre os convenios colectivos do persoal docente e investigador contratado e do persoal de administración e servizo en réxime laboral da universidade.</p> <p>ñ) Todas aquelas funcións que lle atribúan a lexislación vixente e os presentes Estatutos.</p>	<p>n) O coñecemento e, se é o caso, a prestación do seu acordo, da proposta do reitor ou reitora para o nomeamento da persoa que ocupe a xerencia da Universidade.</p> <p>ñ) A emisión dun informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da Universidade, con posterioridade á súa aprobación polo Consello de Goberno.</p> <p>o) A emisión dun informe, con carácter previo á súa formalización, sobre os convenios colectivos do persoal docente e investigador contratado e do persoal de administración e servizo en réxime laboral da universidade.</p> <p>p) Todas as funcións que lle atribúan a lexislación vixente e estes estatutos.</p>
<p>Sección cuarta – Do Consello de Goberno Artigo 37 (composición do Consello de Goberno) f) Tres membros do Consello Social non pertencentes á comunidade Universitaria. Artigo 39 (competencias do Consello de Goberno) i) Aprobación dos proxectos de orzamento e de programación plurianual, das contas anuais da universidade para o seu trámite ao Consello Social e das transferencias de créditos entre os diversos conceptos dos capítulos de operacións correntes e de capital. m) Acordo de creación de novos servizos, así como da súa modificación ou supresión, e informar ao Claustro e ao Consello Social sobre estes acordos. r) Determinación da capacidade dos centros e os sistemas de acceso a estes e proposición ao Consello Social das normas que regulen a permanencia na universidade dos estudantes que non superen as probas correspondentes nos períodos establecidos. ac) Elección entre os seus membros de aqueles que deban formar parte do Consello Social.</p>	<p>Sección cuarta – Do Consello de Goberno Artigo 37 (composición do Consello de Goberno) f) Tres membros do Consello Social non pertencentes á comunidade Universitaria. Artigo 39 (competencias do Consello de Goberno) j) A aprobación dos proxectos de orzamento, segundo o informe preceptivo das liñas xerais do claustro, das contas anuais da Universidade para o seu trámite ao Consello Social e das transferencias de créditos entre os diversos conceptos dos capítulos de operacións correntes e de capital. ñ) O acordo de creación de novos servizos, así como da súa modificación ou supresión e informar o Claustro e o Consello Social. s) A determinación da capacidade dos centros e os seus sistemas de acceso e a proposición ao Consello Social das normas que regulen a permanencia na Universidade dos estudantes que non superen as probas correspondentes nos períodos establecidos. ac) A elección entre os seus membros dos que deban formar parte do Consello Social.</p>
<p>Capítulo III – Dos órganos unipersoais de Goberno. Sección Segunda – Do Reitor Artigo 59 (competencias do Reitor) b) Presidencia e convocatoria do Claustro Universitario e do Consello de Goberno, así como a execución de todos os seus acordos e os do Consello Social.</p>	<p>Capítulo III – Dos órganos unipersoais de Goberno. Sección Segunda – Do Reitor Artigo 58 (competencias do Reitor) b) A presidencia e convocatoria do Claustro Universitario e do Consello de Goberno, así como a execución de todos os seus acordos e os do Consello Social.</p>

<p>Sección Oitava – Do Xerente Artigo 76 O xerente será proposto e nomeado polo reitor de acordo co Consello Social, oído o Consello de Goberno e informados os representantes do persoal de administración e servizos. O Xerente terá consideración de alto cargo, dedicación a tempo completo e a súa función será incompatible con calquera outra actividade profesional pública o privada.</p>	<p>Sección Oitava – Da persoa que ocupa a Xerencia Artigo 75 A persoa que exerce a Xerencia será proposta e nomeada polo reitor ou reitora de acordo co Consello Social, oído o Consello de Goberno, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia e informados os representantes do persoal de administración e servizos. O xerente terá consideración de alto cargo, dedicación a tempo completo e a súa función será incompatible con calquera outra actividade profesional pública ou privada.</p>
<p>Título III – Da comunidade Universitaria Capítulo 3 – Dos estudantes. Sección Primeira – Do acceso e permanencia na Universidade de Vigo. Artigo 99 O Consello Social, tras a audiencia dos representantes dos estudantes no Claustro, por proposta do Consello de Goberno e tras o <i>informe do Consello de Coordinación Universitaria</i>, establecerá as normas que regulen a permanencia dos estudantes na universidade tendo en conta as características dos respectivos estudos.</p>	<p>Título III – Da comunidade Universitaria Capítulo 3 – Dos estudantes. Sección Primeira – Do acceso e permanencia na Universidade de Vigo. Artigo 99 O Consello Social, tras a audiencia dos representantes do alumnado no Claustro, por proposta do Consello de Goberno e tras o <i>informe do Consello de Universidades</i>, establecerá as normas que regulen a permanencia do alumnado na Universidade, tendo en conta as características dos respectivos estudos.</p>
<p>Capítulo IV – Do persoal de administración e servizos Artigo 116 A Universidade de Vigo revisará a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos cando as circunstancias así o aconsellen e, en todo caso, cada dous anos. A proposta da relación de postos de traballo será aprobada polo Consello de Goberno, tras a negociación do xerente cos órganos de representación do persoal de administración e servizos, logo dun informe do Consello Social.</p>	<p>Capítulo IV – Do persoal de administración e servizos Artigo 119 A Universidade de Vigo revisará a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos cando as circunstancias así o aconsellen e, en todo caso, cada dous anos. A proposta da relación de postos de traballo será aprobada polo consello de Goberno, tras a negociación da xerencia cos órganos de representación do persoal de administración e servizos, e co informe previo preceptivo dos órganos de representación unitaria ou sindical do persoal, que deberá ser emitido tras o remate das negociacións. Unha vez aprobada a proposta da relación de postos de traballo polo Consello de Goberno, deberá ser informada polo Consello Social.</p>
<p>Título VII – Réxime económico e financeiro Capítulo II – A programación plurianual Artigo 154 No marco do que estableza a Comunidade Autónoma, a Universidade de Vigo poderá elaborar programacións plurianuais que poden conducir á aprobación, pola propia comunidade Autónoma, de convenios e contratos-programa que incluírán os seus obxectivos, o financiamento e a avaliación do cumprimento dos obxectivos. a proposta de programación plurianual será elaborada polo Consello de Goberno e aprobada polo Consello Social.</p>	<p>Título VII – Réxime económico e financeiro Capítulo II – A programación plurianual Artigo 152 No marco do que estableza a comunidade autónoma, a Universidade de Vigo poderá elaborar programacións plurianuais que poden conducir á aprobación, pola propia comunidade autónoma, de convenios e contratos-programa que incluírán os seus obxectivos, o financiamento e a avaliación do cumprimento dos obxectivos. A proposta de programación plurianual será elaborada polo Consello de Goberno e aprobada polo Consello Social, segundo o procedemento previsto no artigo 35.</p>

<p>Capítulo IV– A xestión dos gastos Artigo 159 <i>Unha vez que o Consello Social aprobe o orzamento,</i> os recursos para gastos asignaranse os centros, departamentos, institutos universitarios de investigación e outros centros de gasto a través do Consello de Goberno.</p>	<p>Capítulo IV– A xestión dos gastos Desaparece o contido do artigo dos anteriores estatutos.</p>
<p>Artigo 161 No prazo establecido pola Xunta de Galicia, ou no seu defecto pola lexislación xeral, <i>o Consello Social enviará ao Consello de Goberno da Xunta de Galicia</i> a liquidación do orzamento e o resto dos documentos que constitúan as contas anuais da universidade e das entidades dela dependentes.</p>	<p>Artigo 158 No prazo establecido pola Xunta de Galicia ou, no seu defecto, pola lexislación xeral, <i>o Consello Social enviaralle ao Consello de Goberno da Xunta de Galicia</i> a liquidación do orzamento e o resto dos documentos que constitúan as contas anuais da universidade e das entidades delas dependentes.</p>
<p>Capítulo VI – Contratación Artigo 164 A Mesa de Contratación estará formada, como mínimo, polo reitor e o xerente, ou persoa en quen deleguen, e por un membro da asesoría xurídica que actuará como secretario. <i>Con periodicidade anual,</i> o Consello de Goberno e mais <i>o Consello Social serán informados do resultado da contratación</i></p>	<p>Capítulo VI – Contratación Artigo 161 A Mesa de Contratación estará formada, como mínimo, polo reitor ou reitora e a persoa que ocupe a xerencia, ou persoa en quen deleguen, por un letrado ou letrada da asesoría xurídica, un funcionario ou funcionaria da unidade administrativa que realice funcións de control interno e un funcionario ou funcionaria dos servizos administrativos da xerencia. <i>Con periodicidade anual,</i> o Consello de Goberno e máis <i>o Consello Social serán informados do resultado da contratación.</i></p>

O CONSELLO SOCIAL NOS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Decreto 421/2003, do 13 de novembro
- Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro